



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Expediente administrativo núm. 2022/X999/000039

**Asunto: instalacións de temporada e servizos de formación e ensinanza de surf, bodyboard, longboard e pádel surf nas praias da Provincial da Coruña, ano 2023**

# **BANDO**

Co fin de dar información aos interesados/as en solicitar os **servizos de temporada, que comprenden as instalacións de temporada (terrazas, quioscos, quioscos con mesas e sillas, hidropedais, tumbonas, etc ...)** e os **servizos de escolas de formación e ensinanza das modalidades de surf, bodyboard, longboard, paddle surf** nas praias da provincia da Coruña, **para o ano 2023, INFORMO**

Que con data 27/12/2022 se publicou no Boletín Oficial do Estado (BOE) o correspondente anuncio.

**O prazo de presentación de solicitudes finalizará o 27/01/2023 e realizarase a través do concello onde se pretenda levar a cabo a explotación.**

Este concello soamente se encargará da recepción das solicitudes correspondentes a esta demarcación municipal. O concello, non asume a xestión do servizo, polo que será a Demarcación de Costas quen autorice as ocupacións temporais, que en ningún caso exime da obrigatoriedade por parte dos interesados/as, en obter cantas licenzas e ou autorización sexan esixibles, por parte doutros organismos con competencias sectoriais.

No caso particular de terrazas sobre paseos marítimos vinculadas a establecementos situados fóra do DPMT, que poderán situarse xunto aos seus respectivos establecementos, sempre e cando non se obstrúa o paso e uso público, as solicitudes poderán presentarse dende o 28/12/2022 ata o último día do segundo mes anterior ao que se pretenda iniciar a actividade (se o día fose inhábil, poderá presentarse ata o primeiro día hábil do mes anterior ao que se pretenda iniciar a actividade)

Calquera outra actividade de temporada, ou xornadas, de duración non superior a 10 días, distintas ás previstas no asunto, e que se desenrolen nas praias, deberá solicitarse a partir do 01/01/2023, cunha antelación mínima de dous meses, respecto á data prevista da súa celebración.

Para poder consultar que documentación é precisa presentar coa solicitude, ou as condicións da ocupación ou o canón para o ano 2023, ou outra información de interese, poderá dirixirse ás oficinas dos seguintes organismos:

- Concello de Laxe, Av. Cesáreo Pondal, núm. 26 - Laxe (A Coruña), telf. 981 70 69 03
- Demarcación de Costas de Galicia, San Pedro de Mezonzo, núm. 1 baixo (Esq. Avda. Finisterre), A Coruña, telf. 981 30 38 99
- consultar o anuncio publicado no BOE antes mencionado
- acceder ó seguinte enlace:  
<https://www.miteco.gob.es/es/costas/participacion-publica/15-servtemp-23.aspx>.

Laxe, *documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe*

O alcalde, José Luis Pérez Añón